

REGULAMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

INTRODUCCIÓN

Considéranse actividades extraescolares aquelas que sendo organizadas polo Centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais... figuran na PXA e se realizan fóra do horario lectivo.

A entidade organizadora no noso centro é o ANPA “Agarimo” que xestiona as actividades públicas propostas polo Concello mediante convenio asinado polas dúas partes e tamén as actividades privadas propostas por dita asociación. Todas baixo a supervisión e aprobación do Consello Escolar do centro.

CAPÍTULO I. HORARIO, PREZO E OFERTA DE ACTIVIDADES

As actividades extraescolares serán ofertadas dende o 1 de outubro ata o 31 de maio en horario de 16.00 a 18.00h nas dependencias cedidas a tal fin pola dirección do centro.

O cuadrante de actividades así como o horario de cada unha delas e o seu custo será comunicado pola ANPA, tras ser aprobado en Consello Escolar, ás familias ao inicio de cada curso escolar establecendo tamén o prazo e procedemento para solicitalas.

Para acudir a calquera das extraescolares será preciso aboar unha cota en concepto de matrícula. O importe desta cota revisarase anualmente e comunicarse no momento de facer a reserva de praza.

Para as familias asociadas á ANPA AGARIMO a matrícula será gratuita.

As familias do alumnado que faga uso dalgún destes servizos, comprométense a aboar nos prazos establecidos as cotas estipuladas.

CAPÍTULO II. ALTA E BAIXA NO SERVIZO

Destinatarios/as do servizo:

Poden acceder ás actividades extraescolares todo o alumnado matriculado no centro, tanto na etapa de educación infantil, como na de educación primaria.

A admisión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, con discapacidade e/ou con alerxias alimentarias, será estudada polos monitores que imparten á actividade, condicionando a súa admisión ao feito de dispoñer do persoal necesario para atendelo, así como dos medios que permitan garantir a seguridade e a saúde do/a alumno/a e dos/as outros/as usuarios/as.

Cómo darse de alta no servizo:

Para acceder a calquera das actividades extraescolares, será preciso facer a solicitude de praza cada curso escolar. A ANPA informará ás familias polos seus canles de comunicación habituais no inicio de cada curso das datas e procedemento a seguir.

Unha vez iniciada cada actividade, poderanse seguir incorporando alumnos/as ou tramitar baixa ou cambio de actividade, estando supeditadas as peticións á dispoñibilidade de praza de cada actividade.

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas dispoñibles, o criterio xeral á hora de adxudicalas será o de orde de inscrición. Con todo, a ANPA poderá establecer criterios de acceso se as circunstancias o requiren, os cales deberán ser aprobados en Consello Escolar.

Causas de baixa no servizo:

Baixa voluntaria: deberá ser solicitada pola familia por escrito, no formulario e prazos estipulados.

Baixa por impago: o non aboamento da matrícula ou dalgunha das cotas do servizo suporá a perda do dereito de asistencia ao mesmo. A ANPA comunicará ás familias polas canles de información habituais a baixa no servizo do seu fillo/a/s cunha antelación mínima de 7 días. Se a familia subsana a débeda antes de que a baixa se faga efectiva, poderá continuar de alta no servizo, nas mesmas condicións. En caso de causar baixa definitiva, para poder volver a solicitar praza, debe realizar o trámite de alta correspondente, suxeito á dispoñibilidade de vacantes, así como saldar a débeda pendente.

Baixa por inasistencia: a acumulación do 50% de faltas sen xustificar nun mesmo mes, poderá ser motivo de causar a baixa no servizo. A ANPA comunicará ás familias polas canles de información habituais a baixa no servizo do seu fillo/a/s cunha antelación mínima de 7 días. Se a familia xustifica as faltas nese prazo, poderá continuar de alta no servizo, nas mesmas condicións. En caso de causar baixa definitiva, para poder volver a solicitar praza, debe realizar o trámite de alta correspondente, suxeito á dispoñibilidade de vacantes.

Baixa por incumprimento das normas de comportamento: establecidas no capítulo V do presente regulamento.

CAPÍTULO III. ENTRADAS E SAÍDAS

No curso 2022/23 as entradas realizaranse pola porta de secretaría e as saídas realizaranse polo portalón.

Durante o tempo que duren as actividades, o alumnado estará a cargo dos/as monitores/as, que serán os seus responsables. No caso de que os/as usuarios/as de extraescolares vaian a comedor previamente, os/as monitores/as de comedor serán os/as encargados/as de levalos á actividade correspondente.

De igual modo, se o alumno/a enlaza dúas actividades extraescolares, o monitor da primeira entregarao ao da segunda.

CAPÍTULO IV. NORMAS DE COMPORTAMENTO NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O alumnado que acode a calquera das actividades extraescolares deberá cumprir as seguintes normas de comportamento:

- 1) Seguir sempre as indicacións do persoal.
- 2) Tratar co debido respecto, tanto ao persoal do servizo, como aos demais compañeiros e compañeiras.
- 3) Falar nun ton correcto para o normal desenvolvemento da actividade.
- 4) Non tirar nada ao chan. Manter os espazos limpos.
- 5) O alumnado coidará en todo momento o material e as dependencias do centro
- 6) Non abandonar o espazo onde se fai a actividade ata que llo indique o monitor ou a monitora.

Os monitores/as velarán diariamente polo cumprimento destas normas, e actuará para corrixilas no momento en que sexan vulneradas.

En caso de circunstancias meteorolóxicas adversas, nas que non se poida facer unha actividade na súa ubicación habitual, o alumnado ficará no espazo que determinen os/as monitores/as, previamente autorizado pola dirección do centro.

Os monitores/as de extraescolares en ningún caso administrará medicamentos aos nenos/as usuarios/as do servizo.

CAPÍTULO V. MEDIDAS DISCIPLINARIAS

As faltas ao establecido no capítulo anterior poden ser faltas leves, graves ou moi graves.

Faltas leves:

Considéranse faltas leves todas aquelas faltas de respecto ou mala conduta, que non sexan o suficientemente importantes como para considerarse falta grave ou moi grave:

- Desobedecer levemente as indicacións do persoal.
- Entrar ou saír do espazo da actividade desordenadamente.
- Entrar na actividade con obxectos non permitidos (xoguetes, libros...).
- Cambiarse de sitio sen permiso..
- Facer ruído, berrar ou falar con alumnos/as doutras mesas.
- Erguerse do sitio sen causa xustificada.
- Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

Sanción das faltas leves realizarase polo monitor ou monitora da actividade no momento que ocorra e consistirá en:

- Amonestación verbal ao alumno/a de forma privada.
- Se a falta a cometeu cun/cunha compañeiro/a deberá pedirlle desculpas ao ofendido/a.
- Se a falta incide na hixiene do espazo, daráselle a coñecer ao alumno/a que a próxima vez deberá limpar o manchado.
- Perda do dereito a participar en xogos ou actividades de ocio.
- En caso de reiteración, comunicación aos proxenitores ou titores legais para programar medidas que faciliten a integración do/a alumno/a à extraescolar. Traslado dos partes de faltas á **ANPA** e á **dirección do centro**, por se constitúen unha falta grave.

Faltas graves:

Considérense faltas graves:

- Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa grave contra os membros das actividades. Tanto usuarios/as como persoal encargado do mesmo.
- A reiteración de condutas contrarias ás normas establecidas para o bo funcionamento do servizo, nun período de tempo dun mes.
- A agresión ou discriminación grave, física ou moral contra os demais membros do servizo.
- Os danos graves causados polo uso indebido, de xeito intencionado, nas instalacións, materiais empregados, así como de calquera dependencia do centro postas ao seu servizo para desenvolver a actividade

- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades.
- A reiteración de 3 faltas leves no prazo de 30 días ou de 5 no trimestre.
- Incumprimento das sancións impostas por faltas leves.

Sancións das faltas graves:

- Realización de tarefas que contribúan a mellorar o desenvolvemento do servizo.
- Reparación dos danos ocasionados.
- Suspensión do dereito de asistencia á(s) actividade(s) por un período de ata 5 días lectivos nos que o/a alumno/a acuda ao devandito servizo.

A sanción que implique expulsión temporal do servizo, será tomada por acordo da dirección do centro, a ANPA e o/a responsable da actividade. A ANPA comunicará ás familias a medida acordada.

Faltas moi graves:

Considéranse faltas moi graves:

- A acumulación de 3 faltas graves nun prazo de 30 días ou 5 no trimestre.
- Saír do centro sen permiso durante o horario das actividades extraescolares.
- Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas que participan nas actividades extraescolares, tanto de usuarios/as como persoal encargado das mesmas.

Sancións das faltas moi graves:

As faltas moi graves serán sancionadas por acordo da dirección do centro, a ANPA e o/a responsable da actividade. A ANPA comunicará ás familias a medida acordada.

Consideracións a ter en conta no momento de establecer as sancións:

- Non se imporán sancións contrarias á dignidade física ou á dignidade persoal do/a usuario/a.
- Respectarase a proporcionalidade entre a falta e a sanción aplicada.
- Teranse en conta os seguintes atenuantes e agravantes:

Atenuantes:

- Recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- Falta de intencionalidade.
- A idade do/a neno/a e/ou as circunstancias familiares, persoais e sociais do alumno/a.

Agravantes:

- A reiteración dun conduta contraria ás normas do servizo.
- O non recoñecemento de ser o/a autor/a das mesmas.

CAPÍTULO VI. OS MONITORES E AS MONITORAS

Os/as monitores/as serán os responsables do alumnado durante o horario que se preste o servizo. Vixiarán en todo momento que se cumpra o estipulado neste regulamento. Terán especial coidado no referente á sanción de faltas, e nunca aplicarán castigos físicos, nin ningún outro que supoña vexación moral ou discriminación aos usuarios/as.

Vixiarán aos alumnos/as e coidarán deles ata que sexan recollidos polos seus responsables ou sexan entregados ao monitor/a da actividade extraescolar se ten outra a continuación ou ao profesor de garda no caso de que os responsables non acudisen.

Informarán á Xunta Directiva da ANPA de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento das actividades para que se poña en coñecemento da familia, se procede.

O estipulado neste regulamento é de obrigado cumprimento para todas as entidades ou persoas nomeadas no mesmo. O presente protocolo poderá ser modificado:

1. Se así o esixiran novas disposicións sobre regulamentos de actividades extraescolares.
2. A petición dalgunha das partes, sempre que así o decida o Consello Escolar do Centro.

DILIXENCIA para facer constar que o presente protocolo de actividades extraescolares foi aprobado por unanimidade dos membros do Consello Escolar presentes na reunión celebrada o día 5 de outubro de 2022.

A Coruña, 5 de outubro de 2022

O Presidente do Consello Escolar

Asdo.: Óscar Mourenza Fernández